

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 27 de XANEIRO de 2017**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 27 de xaneiro de 2017, ás DOCE HORAS.

### **ASUNTOS**

[\\*Declaración institucional con motivo do día escolar pola non violencia e a paz](#)

[\\*Declaración institucional sobre a problemática das prazas de tesouraría municipal](#)

### **Actas**

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 13/16, do 23 de decembro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións da presidencia, da número 31101 á número 32794 de 2016 e da número 1 á número 2150 de 2017.](#)

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

[3.-Posta en coñecemento da tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Capela para a xestión da atención de visitantes e outras actividades culturais no Mosteiro de Caaveiro, ano 2017.](#)

### **Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente**

[4.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2017, primeira fase.](#)

### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

[5.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de decembro de 2016 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de decembro de 2016.](#)

[6.-Aprobación do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao cuarto trimestre de 2016 na Deputación provincial e no Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.](#)

[7.-Toma de coñecemento do informe dos dereitos de imposible ou difícil recadación dos recursos propios, segundo o disposto no artigo 193 bis do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.](#)

[8.-Dar conta do orzamento da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña \(FAEPAC\) correspondente ao exercicio 2017.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN

[-Moción dos Grupos provinciais do PSdeG-PSOE e BNG-Asembleas Abertas sobre a restitución do acceso universal ao Sistema Nacional de Saúde.](#)

[ROGOS E PREGUNTAS](#)

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO  
27 DE XANEIRO DE 2017**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de xaneiro de 2017, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR.:**

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

PSOE

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:**

D. JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
D <sup>a</sup> . CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA	PP
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> ÁNGELA FRANCO POUSO	BNG
D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESOS	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
D <sup>a</sup> . SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	ALTERNATIVA VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO	PP
D <sup>a</sup> MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE
D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP

D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Non asisten as Sras. Fraga Sáenz e Gallego Neira.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supevía, Secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

#### Sr. Presidente

Empezamos con esta sesión ordinaria do Pleno con dúas declaracións institucionais.

#### Sr. Secretario

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA ESCOLAR POLA NON VIOLENCIA E A PAZ**

O 30 de xaneiro de 1948 morría asasinado Mahatma Gandhi, heroico defensor da igualdade e da xustiza. Nese mesmo ano, Nacións Unidas aprobaba a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Desde hai cando menos tres décadas, neste día, por iniciativa da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, realízanse diversas actividades nos centros escolares, promovidas por entidades da sociedade civil e en moitas ocasións con apoio institucional, a favor da convivencia, da resolución pacífica de conflitos e da eliminación dos comportamentos que lesionan a vida en común entre as persoas dentro do ámbito educativo, como poden ser o acoso escolar, a discriminación ou a segregación, a violencia de xénero, a integración ou calquera outro comportamento violento, sexa ou non de índole física.

Tal e como recolle na ONU a Declaración e o Programa de Acción sobre unha Cultura en Paz, aprobada pola Asemblea Xeral o 6 de outubro de 1999, “a paz non é só a ausencia de conflitos senón que tamén require un proceso positivo, dinámico e participativo no cal se promova o diálogo e se solucionen os conflitos nun espírito de entendemento e cooperación mutuos”.

Co ánimo de levar a cabo accións positivas de fomento da Cultura de Paz, reiterando compromisos e declaracións anteriores aprobadas por esta institución, a Deputación da Coruña promoverá a entrega, a partir do ano 2018, dun premio a través do cla

recoñecerá as iniciativas ou experiencias de carácter escolar, educativo, social, empresarial ou cultural que promovan a resolución pacífica de conflitos, os dereitos humanos, a cultura de non violencia, a tolerancia, o entendemento, a concordia e a convivencia democrática dentro do ámbito territorial da provincia da Coruña. Este premio será entregado no marco temporal da conmemoración do Día Escolar pola Paz e Non violencia, o 30 de xaneiro de cada ano.

A Deputación da Coruña reitera, así mesmo, o seu compromiso xa expresado cos principios fundacionais da ONU e da UNESCO, entre eles o que insta a construír os baluartes da Paz na mente das mulleres e dos homes.

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A PROBLEMÁTICA DAS PRAZAS DE TESOURARÍA MUNICIPAL**

A Comisión Executiva da Fegamp na súa xuntanza de 18 de xaneiro de 2017 adoptou o seguinte acordo por unanimidade que se transcribe literalmente e na súa totalidade: Un dos problemas que vén afectando ao funcionamento diario dos concellos en Galicia é a imposibilidade de cubrir os postos de tesoureiro/a, interventor/a e/ou secretaría, por falta de candidatas/os.

Esta incapacidade, que afecta gravemente aos municipios pequenos e medianos, vén causada en primeiro lugar, polo feito de que estes funcionarios/as deben ser a día de hoxe habilitados nacionais. Os nomeamentos existentes non son suficientes para cubrir as vacantes actuais de Galicia.

Esta situación vense de facer máis crítica por canto o artigo 3 do Real Decreto-Lei 10/2015 do 11 de setembro polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no Orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía, modifica o exercicio de responsabilidade da Tesouraría nas corporacións locais de menos de 5.001 habitantes, que é o caso de 200 concellos en Galicia. Ata agora podían ocupar eses postos con traballadores/as doutras categorías, pero no cambio, impónselles a habilitación nacional ou que contén cun/ha funcionario/a propio do grupo A1 que voluntariamente se preste a desenvolver o labor. Aínda que se prorrogou a entrada en vigor deste artigo durante un ano, a partir de xaneiro de 2017 faise efectiva. Como se pode identificar, a situación ocasionaría a parálise da actividade municipal.

Ademais esta cuestión vese empeorada ao supoñer os salarios deses/as 200 tesoueiros/as un gasto engadido, difícil de asumir e que supón unha flagrante contradición coa Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, así como co principio de indemnidade das Facendas Locais e a normativa de Estabilidade Orzamentaria.

Conscientes das fondas consecuencias que isto suporía, a Comisión Executiva da Fegamp acorda por unanimidade apelar á busca dunha solución. Isto pasaría por prorrogar a obrigatoriedade da habilitación nacional para os/as tesoueiros/as dos concellos de menos de 5.001 habitantes, ata que haxa convocatorias públicas suficientes ou se modifique a Lei de Bases de Réxime Local. A petición tamén se estende para os concellos de menos de 20.000 habitantes, eliminando a obrigatoriedade, no caso de reforma da Lei.

En vista da grave situación anteriormente descrita pola Fegamp, o Pleno da Corporación provincial súmase a esta petición e insta ao goberno do estado aprobar unha prórroga da obrigatoriedade da habilitación nacional para os/as tesoureiros/as dos concellos de menos de 5.001 habitantes, ata que haxa convocatorias públicas suficientes ou se modifique a Lei de Bases de Réxime Local e para os concellos de menos de 20.000 habitantes, no caso de reforma da Lei.

#### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 13/16, DO 23 DE DECEMBRO.**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 13/16, do 23 de decembro.

#### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, DA NÚMERO 31101 Á NÚMERO 32794 DE 2016 E DA NÚMERO 1 Á NÚMERO 2150 DE 2017.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións da Presidencia, da número 31101 á número 32794, de 2016 e da número 1 á número 2150 de 2017.

#### **3.-POSTA EN COÑECEMENTO DA TRAMITACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CAPELA PARA A XESTIÓN DA ATENCIÓN DE VISITANTES E OUTRAS ACTIVIDADES CULTURAIAS NO MOSTEIRO DE CAAVEIRO, ANO 2017.**

O Pleno toma coñecemento da tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Capela para a xestión da atención de visitantes e outras actividades culturais no Mosteiro de Caaveiro, ano 2017.

#### **4.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2017, PRIMEIRA FASE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VÍAS PROVINCIAIS 2017 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 7.635.069,03.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

DENOMINACION	PRESUPOSTO	CODIGO
GRUPO 1A.- ORTIGUEIRA	260.541,66	1711000001.0
GRUPO 1B.- CARIÑO	163.258,97	1711000002.0
GRUPO 2.- MAÑON E AS PONTES	151.778,00	1711000003.0
GRUPO 3.- CEDEIRA, CERDIDO E VALDOVIÑO	184.003,96	1711000004.0
GRUPO 4.- FERROL E NARON	165.120,18	1711000005.0
GRUPO 5.- MOECHE, SAN SADURNIÑO E AS SOMOZAS	272.825,13	1711000006.0
GRUPO 6.- ARES, FENE, MUGARDOS E NEDA	163.728,78	1711000007.0
GRUPO 7.- CABANAS, MIÑO, PADERNE E PONTEDEUME	309.987,00	1711000008.0
GRUPO 8.- IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR	228.336,75	1711000009.0

GRUPO 9.- OLEIROS E SADA	436.154,56	1711000010.0
GRUPO 10.- CAMBRE E CARRAL	223.619,08	1711000011.0
GRUPO 11.- ABEGONDO, BERGONDO, BETANZOS E PADERNE	247.502,86	1711000012.0
GRUPO 12.- ARANGA, OZA- CESURAS, COIROS E CURTIS	196.940,13	1711000013.0
GRUPO 13.- BOIMORTO, FRADES, MESIA, ORDES, OROSO E VILASANTAR	298.577,12	1711000014.0
GRUPO 14.- MELIDE, SANTISO, SOBRADO E TOQUES	226.165,31	1711000015.0
GRUPO 15.- ARZUA, BOQUEIXON, O PINO E TOURO	270.522,97	1711000016.0
GRUPO 16.- ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO	449.098,70	1711000017.0
GRUPO 17.- CARBALLO, CERCEDA E A LARACHA	258.298,06	1711000018.0
GRUPO 18.- CABANA, CORISTANCO, MALPICA, PONTECESO E ZAS	383.736,91	1711000019.0
GRUPO 19.- CAMARIÑAS, LAXE, MUXÍA E VIMIANZO	180.745,03	1711000020.0
GRUPO 20.- CEE, CORCUBIÓN, DUMBRÍA E MAZARICOS	217.857,20	1711000021.0
GRUPO 21.- AMES, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA	178.412,31	1711000022.0
GRUPO 22.- ORDES, SANTIAGO, TORDOIA, TRAZO E VAL DO DUBRA	296.775,82	1711000023.0
GRUPO 23.- MAZARICOS, MUROS E OUTES	197.772,85	1711000024.0
GRUPO 24.- BOIRO, LOUSAME E NOIA	218.083,90	1711000025.0
GRUPO 25.- BRION, DODRO, PADRON E ROIS	241.800,45	1711000026.0
GRUPO 26.- AMES, SANTIAGO, TEO E VEDRA	233.793,14	1711000027.0
GRUPO 27.- BOIRO E RIANXO	208.975,83	1711000028.0
GRUPO 28.- POBRA, PORTO DO SON E RIBEIRA	289.579,74	1711000029.0
GRUPO 34.- DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO	232.727,38	1711000030.0
GRUPO 35.- DP-2904, CORISTANCO A SANTA COMBA	26.426,16	1711000031.0
GRUPO 36.- DP-3404, SERRA DE OUTES A DUMBRÍA	221.923,09	1711000032.0

**TOTAL**

**7.635.069,03**

2.- Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se vai publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

**5.- APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2016 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 31 DE DECEMBRO DE 2016.**



O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de decembro de 2016.

2.- Tomar coñecemento da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio contra Incendios e Salvamento da Provincia da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2016.

3.- Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación provincial da Coruña.”

**6.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DE 2016 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓN COMERCIAIS.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º. Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.

2º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.

3º. Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

**7.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DOS DEREITOS DE IMPOSIBLE OU DIFÍCIL RECADACIÓN DOS RECURSOS PROPIOS, SEGUNDO O DISPOSTO NO ARTIGO 193 BIS DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.**

O Pleno toma coñecemento do informe dos dereitos de difícil ou imposible recadación dos recursos propios, segundo o disposto no artigo 193 bis do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

**8.-DAR CONTA DO ORZAMENTO DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC) CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017.**

O Pleno toma coñecemento da aprobación do orzamento da Fundación Axencia Enerxética provincial da Coruña correspondente ao exercicio 2017.

## ACTUACIÓNS DE CONTROL MOCIÓNS

### **I.MOCIÓN SOBRE A RESTITUCIÓN DO ACCESO UNIVERSAL AO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE**

Os grupos do PSdeG-PSOE e BNG-Asembleas Abertas que conforman o goberno da Deputación Provincial da Coruña presentan a seguinte,

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

O dereito á saúde queda recollido na Constitución española no seu artigo 43, capítulo terceiro (“Dos principios reitores da política social e económica”). A sanidade é unha das competencias que poden ser delegadas ás comunidades autónomas, e son varios os estatutos de Autonomía que recollen o principio de universalidade do acceso á atención sanitaria.

O Consello de Ministros aprobou o 20 de abril de 2012 o Real Decreto-lei 16/2012 de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, polo que se puxo en andamento unha reforma estrutural do Sistema Nacional de Saúde. Con data de 4 de agosto de 2012, publicouse o Real decreto 1192/2012 que desenvolve os requisitos e condicións das figuras de persoas aseguradas e beneficiarias do Sistema Nacional de Saúde.

Esta disposición supuxo unha transformación profunda do noso sistema sanitario. Por unha banda, reduciu a carteira básica de servizos, reducindo a achega pública sobre medicamentos, prestacións e recursos sanitarios, co conseguinte incremento do gasto para as familias. Por outra banda, modificouse o dereito de acceso ao SNS, supeditando este á condición de “asegurado” ou “beneficiario. Desta forma, a nova lexislación rompeu co principio fundamental de Universalidade do Sistema Nacional de Saúde. Os efectos desta medida foron devastadores sobre a poboación máis vulnerábel, tal como foi documentado ao longo dos últimos anos por diversas organizacións sociais. Algúns informes recentes advirten dos numerosos casos en todo o territorio español de persoas que viron vulnerado o seu dereito humano á saúde, como consecuencia da exclusión sanitaria. Neste sentido a área sanitaria de Galicia non é unha excepción e son múltiples os casos de vulneración que nos reportan as organizacións sociais.

Xa desde o momento da súa aprobación o RDL 16/2012 foi contestado desde algunhas autonomías, que rexeitaron a súa aplicación ou proveron mecanismos para evitar que as persoas en situación irregular, ficaran totalmente fóra do sistema sanitario. Paulatinamente, ao longo de 2015, varios gobernos autonómicos aprobaron decretos, instrucións e ordes que ampliaban substancialmente o acceso ao sistema por parte destas persoas. Estas medidas, aínda que positivas, non foron suficientes para revertir as consecuencias da exclusión sanitaria imposta polo Real Decreto-lei 16/2012.

En vista da situación anteriormente descrita, faise evidente que o fin definitivo da exclusión sanitaria e a restitución dun sistema sanitario verdadeiramente universal só poden chegar a través dunha modificación legislativa de alcance nacional.

Por todo iso, os Grupos do BNG-Asembleas Abertas e PSdG-PSOE da Deputación solicitan do Pleno da Corporación provincial a adopción do seguinte:

## **ACORDO**

### **Solicitar ao goberno de España a derogación do RDL 16/2012.**

Sr. Requeira Varela

Bo día a todos e a todas. A moción pretende que esta institución se manifieste a favor de derogar o Real decreto lei 16/2012 co pomposo nome de “Medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do sistema estatal de saúde e a mellora de calidade e seguridade das súas prestacións”. Detrás deste pomposo nome non se agocha máis que un cambio total no modelo sanitario que elimina a atención universal, vinculando o dereito á asistencia sanitaria co deber de estar asegurado ou asegurada a persoa. Tratouse no seu momento dunha decisión sen precedentes que nos fixo retroceder como sociedade e que, en contra do que di o seu nome, nin sostén, nin mellora, nin dá seguridade ás persoas, nin mellora a prestación.

Polo tanto, consideramos que resulta tremendamente inxusto, e non é que o considere soamente o BNG ou o PSOE que impulsan esta moción que debatemos hoxe aquí, senón que a maioría das institucións sociais, das asociacións de usuarios e usuarias, dos colectivos médicos, das asociacións científicas, así o teñen manifestado tamén ao longo deses case cinco anos que ten en vigor este Real decreto lei.

Ao longo destes cinco anos escudouse o Goberno do Estado en diferentes cuestións de índole económico, e de fraude na obtención do cartón sanitario para non cumprir coas recomendacións que lle fixeron institucións como as Nacións Unidas ou o Consello de Europa que cualificaron esta reforma no seu día de novidade lamentable e contraria ao principio de non discriminación e que instaron ao restablecemento da universalidade do dereito á saúde. Pero tampouco se lle fixo caso mesmo á Valedora do Pobo que no seu momento tamén lle reclamou ao Goberno un cambio de tendencia e restituír o modelo anterior ao Real decreto lei.

Por iso, nós consideramos que se debe derogar, pedimos o apoio a esta derogación e agardamos que o Congreso dos Deputados, despois de que en cinco ocasións o Goberno desde a súa aprobación rexeitara a derogación desta norma, que nesta ocasión si se consiga e que as institucións reclamemos que este debate volva darse no ámbito do Congreso e se pase a normalizar a situación e se garanta a reclamación do dereito universal á saúde.

Tanto rexeitamento tivo este Real decreto que en moitísimas Comunidades Autónomas do Estado español a través dos seus Parlamentos decidiron dalgunha maneira modificar, a través das súas normas e dos seus Regulamentos, o propio Real decreto lei, intentando mellorar a prestación sanitaria no ámbito das súas competencias. Agora mesmo, por exemplo, na comunidade galega un inmigrante, sen documentación regrada, para ser atendido en calquera centro de saúde ou en calquera hospital debe estar censado ou censada, pero é que é máis, ten que estar

empadroado no municipio e ter, cando menos, unha estancia mínima de 183 días, é dicir, seis meses, e ademais non ter unha renda superior aos 535 euros. Eu creo, e calquera persoa cre, ou pode crer, ou pode reflexionar en que non garantir o dereito universal á saúde, á parte de ser inxusto, nós considerámolo incluso inmoral, prexudica á totalidade da sociedade, que un colectivo de persoas non teñan acceso a mellorar a súa saúde e as súas enfermidades ao final prexudica á sociedade no seu colectivo.

Polo tanto, insisto, pedimos apoio para esta moción, que esta reclamación chegue de novo ao Congreso, e que o Congreso nesta ocasión teña a ben debater e derrogar esta norma que nós consideramos totalmente inxusta. Moitas grazas.

#### Sr. Dios Diz

Bo día a todos e a todas. Aproveito para agradecer a sensibilidade do Goberno coa declaración do Día Escolar pola Paz e a non Violencia, e de maneira especial de Ánxela Franco, e do resto dos Grupos por tela apoiado.

Simplemente para dicir que nós imos votar a favor desta moción do Goberno pero simplemente manifestar que nos gustaría tela coñecido previamente en Xunta de portavoces para que o acordo fose maior que o do Grupo de Goberno, pero en todo caso, como coincidimos co fondo e cos obxectivos, imos votar favorablemente.

#### Sr. Hernández Fernández de Rojas

A verdade é que pensaba que ían intervir o resto dos voceiros. Nós, xa adianto, imos votar en contra tal e como está redactada esta moción, pide a derrogación dunha norma, e permítanme que faga algunha reflexión ao seu respecto.

Hai que ter moito callo para asinar esa moción, dígoo especialmente polo Partido Socialista, pero tamén por parte do BNG, especialmente por dúas razóns, porque están vostedes no Goberno da Deputación e non son capaces de encher este Pleno de asuntos do goberno e traen cuestións alleas á competencia directa desta Deputación.

É evidente que a atención sanitaria é un tema que pode preocupar na provincia e que preocupa e ocupa na provincia, pero en primeiro lugar o noso traballo, o noso labor nesta Deputación, é para facer que esta sexa útil aos intereses da provincia, polo tanto, deberían vostedes traballar máis e encher estes Plenos de cuestións directamente competencia da Deputación provincial. A verdade é que podería agardar esta actitude das Mareas de Podemos ou as súas franquías locais como os señores de Compostela Aberta ou esta Marea Atlántica, que non son capaces de xestionar nos seus respectivos concellos, temos exemplos clarísimos, por exemplo co tema social onde Compostela Aberta non é capaz de tramitar un só expediente de axudas sociais en todo o ano, e a Marea Atlántica parece que tramitou un, non sei con cantos funcionarios. Pero en todo caso esa é unha actitude propia destes novos movementos políticos, eu a verdade é que agardaba máis do Partido Socialista.

Non teño ningunha dúbida de que en Madrid o Partido Socialista será capaz de pactar e de concordar coa forza maioritaria melloras desta normativa, en absoluto

a súa derogación, pero en todo caso gustaríame recordar que en 2012 todos os países da nosa contorna desenvolveron programas de eficiencia para facer sostibles os seus sistemas sanitarios, todos. Con todo, en España é certo que tiñamos unha situación peor que no resto de Europa, e tiñamos unha situación peor precisamente por culpa dos sete anos de Goberno socialista e lémbrolle ao BNG que ese Goberno socialista en moitas ocasións contou co apoio e coa complicidade do BNG.

A débeda sanitaria gobernando vostedes, señores do Partido Socialista, aumentaron un 173%, superaba os 16.000 millóns de euros. Non existía un marco legal que regulase o acceso á sanidade pública e 200.000 españois non tiñan dereito a asistencia sanitaria, fundamentalmente quen peor o estaba pasando nesa situación de fonda crise económica, aquelas persoas que eran parados sen prestacións e tamén profesionais con mutualidades alternativas á Seguridade Social, e ademais, que temos que falar claro, o turismo sanitario disparouse. O noso país dedicaba nada menos que 1.000 millóns ao ano a pagar a asistencia sanitaria a 700.000, e digo ben, 700.000 persoas estranxeiras que tiñan, por certo, cuberta esa prestación polos seus países de orixe ou por seguros privados.

O primeiro que fixo o Goberno do Partido Popular cando chegou ao Goberno en 2011 foi afrontar a situación, simplificación das estruturas, eliminación de duplicidade e racionalización do gasto, pero sempre preservando os recursos directamente destinados a atención das persoas, e grazas a iso España conta, e Galicia por suposto tamén, cun dos mellores sistemas sanitarios do mundo e, por certo, grazas a esa actuación do Partido Popular sentáronse bases sólidas para garantir o seu futuro, cuestión que estaba seriamente comprometida con esa débeda de 16.000 millóns.

España conta cun sistema sanitario máis xusto nestes momentos no que un millón de persoas desempregadas e as súas familias, que antes pagaban o 40%, están por primeira vez exentas de pagar as súas medicinas. España conta cun sistema sanitario máis universal agora que antes, ao que teñen acceso todos os españois e os residentes no noso país, con 700.000 tarxetas sanitarias máis que a principios da lexislatura que comezou en 2011, no que se puxo freo ao turismo sanitario e que garante o sistema sanitario español o acceso dos máis vulnerables a asistencia sanitaria que, por certo, é a máis xenerosa de toda Europa. E ademais España conta cun sistema sanitario máis equitativo, cunha nova carteira común básica de servizos que garante as mesmas prestacións para todos os pacientes en base a criterios exclusivamente científicos e técnicos. Cómpre lembrar, asemade, que o Real decreto 16/2012, que solicitan vostedes a súa derogación, recoñece a asistencia sanitaria aos inmigrantes irregulares que sexa menores de dezoito anos, todos, que estean en situación especiais de urxencia por enfermidade grave ou accidente, calquera que sexa a súa causa, ata a alta médica, e a asistencia ao embarazo, parto e tamén posparto.

En definitiva, o Sistema Nacional de Saúde é o que ofrece a cobertura máis ampla o noso de toda Europa, e aínda que a vía de acceso sexa a atención primaria, en caso de requirir asistencia especializada hospitalaria, ou ben un tratamento farmacéutico durante o ingreso, este será facilitado en todos os casos. Ademais en Galicia é importante lembrar que a Xunta de Galicia deseñou o instrumento chamado Programa Galego de Protección Social á Saúde Pública, posteriormente imitado por moitas Comunidades Autónomas e que permitiu seguir atendendo ás persoas que

non reunían as condicións de aseguradas recollidas no Real decreto 16/2012 ou beneficiarias, e que tiveron acceso a prestacións sanitarias por este medio. Foi Galicia, por tanto, en setembro de 2012 a primeira Comunidade en desenvolver un programa para dar cobertura sanitaria á poboación inmigrante que non tiña regularizada a súa situación. Desde ese mes de setembro de 2012 na Consellería de Sanidade están a traballar coas ONG para mellorar a información a disposición do colectivo das persoas inmigrantes que se atopan nesa situación e tamén para facer o seu seguimento.

Polo tanto, nós, resumindo, estamos dispostos a falar de melloras dese Real decreto, pero loricamente cremos que é importante e imprescindible valorar o que significou ese Real decreto, facer axustes tamén, todos de acordo coa negociación, pero obviamente garantindo, porque creo que esa é a obriga de calquera administración responsable, a sostibilidade do sistema público de atención sanitaria. Moitas grazas e máis nada.

#### Sr. Requeira Varela

Eu lamento que nesta ocasión non poidamos acadar a unanimidade, e agardo que a sensibilidade do Partido Popular no Congreso dos Deputados e no Goberno do Estado sexa outra, é o que persegue a moción.

O Sr. Agustín Hernández acaba de dar unha visión que máis se parece ao relato de Alicia no país das marabillas que a outras cuestións. O que din os datos, o que din os informes de todas as ONG e de todas as comunidades que teñen relación coas prestacións sanitarias e coa asistencia sanitaria e coa defensa de dereitos individuais das persoas, tamén das de máis de dezoito anos, porque tamén son persoas, din todo o contrario, e poñen en evidencia o retroceso que significou este Real decreto. O certo é que este Real decreto significou un cambio de modelo sanitario que pasou de ser universal a ser fraccionado e co fraccionamento quedaron fóra milleiros e milleiros de persoas, polo tanto, hai que recuperar para o sistema eses milleiros e milleiros de persoas, e volver a ser universal, por iso se pretende que se derroge totalmente o Real decreto.

Aquí falouse do turismo sanitario, realmente alguén pode pensar que as persoas con diñeiro doutras partes de Europa que viñan a desfrutar do mellor sistema sanitario de Europa non seguen desfrutando desas mellores condicións sanitarias, si porque o poden pagar. O problema é quen non pode pagar a sanidade, e o problema é que detrás de todo iso escondeuse outra política que acompañou a este Real decreto, cal é esa política?, coñecémola todos, e en Galiza temos mostras palpables, a privatización dos recursos sanitarios e o acceso pagado ao sistema sanitario, esa é a realidade, por iso queremos volver á norma anterior.

As consecuencias do Real decreto son dramáticas, e non é algo que veña nun informe ou nun documento do BNG, ou nun documento do PSOE, ou nun documento de Marea Atlántica, ou de Compostela Aberta, ou de Alternativa dos Veciños, ven en todos os documentos das entidades sociais que teñen algún tipo de relación, como dicía antes, coa garantía do dereito sanitario, pero tamén Nacións Unidas e o Consello de Europa se ten manifestado con este Real decreto e tamén ten reclamado ao Goberno máis sensibilidade coa atención universal da sanidade.

Pero é que ademais o Real decreto supón tamén, ou pretende ter un efecto disuasorio coa asistencia sanitaria. Polo tanto fai que moitas persoas o pensen dúas veces antes de asistir ao médico a buscar prestación e a buscar a cura das súas doenzas. Polo tanto, o que se está facendo aquí é un sistema de apartheid sanitario e permítame a expresión. Hai persoas, en Galicia tense cifrado, algúns datos falan de 9.000 persoas que están fóra do sistema sanitario, e iso non o dicimos nós, dino as cifras porque hai persoas de máis de dezaioito anos, vostede referíase aos menores de dezaioito anos e ás mulleres embarazadas, pero hai por desgraza neste país hai inmigrantes e hai persoas non censadas e non empadroadas que teñen máis de dezaioito anos e que están enfermas, con doenzas incluso infecciosas, e que non teñen dereito ao acceso, persoas con enfermidades graves como o VIH ou como o cancro, persoas que lles custa moitísimo traballo obter o cartón sanitario, que se lles poñen moitísimas dificultades. O que pretende esta moción non é nin máis nin menos que volver a retomar ese debate no ámbito do Parlamento do Estado, do Congreso dos Deputados, e recuperar para esas persoas que están á marxe do sistema sanitario esa universalidade do dereito a asistencia sanitaria. E por desgraza agora mesmo que vemos que está de moda levantar novos muros e criminalizar as persoas que buscan unha mellor calidade de vida, nós cremos que o Estado español non debe converterse, ou non debe de seguir eses modelos, e o Estado español, e nós sempre o defendemos así, tiña un modelo sanitario moi bo, o mellor de Europa, e que ademais era eficaz e eficiente economicamente, e non debemos cambiar, ou non debemos copiar modelos que son peores que os que temos instaurados, era un modelo que se intentaba copiar noutros países, pois nós cremos que ese modelo é o que hai que recuperar, o modelo que había antes dese Real decreto do ano 2012.

#### Sr. Dios Diz

Non quería intervir sobre o fondo, senón sobre o intento de converter a Deputación nun ámbito de debate do que pasa nos concellos, pero iso de culpabilizar aos outros Grupos da súa mala xestión polo número de asuntos que se traen ao Pleno deste organismo, permítame recordarlle, dígoo porque unha cousa é o que se di, e outra cousa é o que se fai, e Agustín Hernández ten tendencia a entrar en contradición entre o que di e o que fai realmente. Se un analiza as ordes do día desta Deputación provincial, e nós fixémolo, dos meses de xaneiro dos anos 2012, 2013, 2014 e 2015, descubrirá, para a súa sorpresa, que en 2012 había 10 puntos e unha moción, son todas da Presidencia de Diego Calvo, acordarase, 2012 había dez puntos e unha moción, 2013 doce puntos e dúas mocións, 2014, doce puntos e dúas mocións, 2015, once puntos. Polo tanto, o grao de xestión e de capacidade polo número de asuntos que veñen ao Pleno é moi parella. Moitas grazas.

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 12 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e o voto en contra do PP, acorda:

## **“MOCIÓN SOBRE A RESTITUCIÓN DO ACCESO UNIVERSAL AO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE**

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

O dereito á saúde queda recollido na Constitución española no seu artigo 43, capítulo terceiro (“Dos principios reitores da política social e económica”). A sanidade é unha das competencias que poden ser delegadas ás comunidades autónomas, e son varios os estatutos de Autonomía que recollen o principio de universalidade do acceso á atención sanitaria.

O Consello de Ministros aprobou o 20 de abril de 2012 o Real Decreto-lei 16/2012 de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, polo que se puxo en andamento unha reforma estrutural do Sistema Nacional de Saúde. Con data de 4 de agosto de 2012, publicouse o Real decreto 1192/2012 que desenvolve os requisitos e condicións das figuras de persoas aseguradas e beneficiarias do Sistema Nacional de Saúde.

Esta disposición supuxo unha transformación profunda do noso sistema sanitario. Por unha banda, reduciu a carteira básica de servizos, reducindo a achega pública sobre medicamentos, prestacións e recursos sanitarios, co conseguinte incremento do gasto para as familias. Por outra banda, modificouse o dereito de acceso ao SNS, supeditando este á condición de “asegurado” ou “beneficiario. Desta forma, a nova lexislación rompeu co principio fundamental de Universalidade do Sistema Nacional de Saúde. Os efectos desta medida foron devastadores sobre a poboación máis vulnerábel, tal como foi documentado ao longo dos últimos anos por diversas organizacións sociais. Algúns informes recentes advirten dos numerosos casos en todo o territorio español de persoas que viron vulnerado o seu dereito humano á saúde, como consecuencia da exclusión sanitaria. Neste sentido a área sanitaria de Galicia non é unha excepción e son múltiples os casos de vulneración que nos reportan as organizacións sociais.

Xa desde o momento da súa aprobación o RDL 16/2012 foi contestado desde algunhas autonomías, que rexeitaron a súa aplicación ou proveron mecanismos para evitar que as persoas en situación irregular, ficaran totalmente fóra do sistema sanitario. Paulatinamente, ao longo de 2015, varios gobernos autonómicos aprobaron decretos, instrucións e ordes que ampliaban substancialmente o acceso ao sistema por parte destas persoas. Estas medidas, aínda que positivas, non foron suficientes para revertir as consecuencias da exclusión sanitaria imposta polo Real Decreto-lei 16/2012.

En vista da situación anteriormente descrita, faise evidente que o fin definitivo da exclusión sanitaria e a restitución dun sistema sanitario verdadeiramente universal só poden chegar a través dunha modificación lexislativa de alcance nacional.

Por todo iso, os Grupos do BNG-Asembleas Abertas e PSdG-PSOE da Deputación solicitan do Pleno da Corporación provincial a adopción do seguinte:

### **ACORDO**



## **Solicitar ao goberno de España a derogación do RDL 16/2012.”**

### ROGOS E PREGUNTAS

#### Sra. Delso Carreira

Bo día a todas e a todos. É un rogo breve. Quería comentar unicamente que hai un ano, concretamente no Pleno de decembro de 2015 desde o Grupo provincial da Marea Atlántica solicitamos ao Goberno da Deputación que garantise, digamos, e levase a cabo as reformas necesarias para achegar esta institución á cidadanía, ademais de contribuír digamos á modernización tecnolóxica desta sala de Plenos. Daquela solicitamos que se dispuxesen os medios necesarios para que este Pleno contase coa infraestrutura necesaria para que quen non se poida achegar ata aquí para asistir, poida seguir os Plenos na súa casa, en concreto a través do sistema de streaming, e hoxe é a primeira vez que podemos seguir este Pleno da Deputación a través do streaming.

É simplemente de xustiza parabenizar este traballo, agradecer este traballo e parabenizar o Goberno provincial por ter atendido esta petición e por ter feito os traballos necesarios para facelo e para que hoxe efectivamente se poida seguir este Pleno por streaming. E dalgunha maneira instarlles ao Goberno a que procuren as vías necesarias para ir estendendo ao resto dos concellos da provincia este sistema, estas medidas que, ao fin e ao cabo tamén son de obriga como administracións públicas que temos de garantir a transparencia e o acceso á información dos nosos veciños e veciñas, e tal e como ademais xa fai esta Deputación con todo o que ten que ver coa administración electrónica. Simplemente era isto.

#### Sra. Sanmartín Rei

Eu quería realizar un rogo relativo ao traballo realizado polo Goberno desta Deputación despois dalgunhas manifestacións que se fixeron públicas, que se fixeron fóra deste ámbito, mais que se volveron introducir agora e ás que acaba de facer tamén referencia o compañeiro Manolo Dios, que falaba do escaso número de puntos incluídos neste Pleno, en todo caso habería que lembrar son oito puntos, máis que son 7,6 millóns de euros para os concellos da provincia, que non todo se mide en números cuantitativos, senón noutras cuestións, e tamén algunhas consideracións feitas públicas sobre o, disque, escaso traballo realizado polo Goberno desta institución.

Fixo o compañeiro Manolo Dios unha primeira parte en que recollía algunhas das cuestións sobre as que eu quería lanzar unha reflexión ao conxunto de membros desta Corporación agora, a primeira é que hai que ter memoria e que se temos esa memoria pois podemos mirar os días 27 de xaneiros pasados, de 2012, 2013, 2014 e 2015, e veremos exactamente que os puntos eran dez, eran once, e era lóxico que fose iso, a non ser que o Partido Popular o que pretenda con esta intención, con estas declaracións, e que reflexionemos sobre o pouco que traballaba o Goberno da etapa anterior, igual é esa a intención, ou que queren que deduzamos que o PP tiña a Deputación paralizada. En vez diso poderíase reflexionar sobre que xaneiro é un mes en que lóxicamente hai que ter todo a punto para habilitar o orzamento despois de meses de intenso traballo e de ter os deberes feitos. Tamén habería que reflexionar

sobre que moito do persoal que traballa nesta casa non colleu vacacións en decembro por responsabilidade, para deixar un ano perfectamente pechado, con todos os expedientes feitos, e habería que ver cales son os puntos, a orde do día e os puntos dos Plenos dos meses de decembro e novembro, dá igual que se fixese nesta etapa como na outra, pero se miramos nesta, ano 2016, corenta puntos, corenta e catro puntos. E á parte diso, porque a min as ponderacións cuantitativas desde logo gústanme pouco, poderíase ver o contido deses puntos. Nós o que facemos é chegar ao mes de xaneiro cos deberes feitos, cun orzamento aprobado que serve xustamente de referencia a todos os concellos da provincia, e ademais aprobado un modelo de relación novo cos concellos, máis áxil, máis xusto, máis obxectivo, un modelo que, desde logo, veu para ficar entre nós.

Nós levamos meses en que aprobamos neste Goberno un PAS, un Plan único de concellos, un Plan de medio ambiente, un Plan de emprego, un Plan de servizos sociais, para alén de estar nun proceso de reorganización do que eran as subvencións nominativas de cara á liñas de concorrencia. Non significa iso que estea todo rematado, hai moitísimo por facer, hai moito por mellorar, mais desde logo o traballo é inxente. Non se pode medir polo número de puntos incluídos na orde do día a relevancia dun Pleno, non se pode caer nesa banalidade, non se pode caer nesa frivolidade, sobre todo cando no mes de novembro esta Corporación aprobou un Plan único que dotou aos concellos da Coruña de 74 millóns de euros, con tempo suficiente para iso podelo incluír nos seus orzamentos e, supoño que coincidiremos todo o mundo, que ese punto vale por moitos, por moitos outros puntos.

Desde logo estou segura que aos alcaldes e as alcaldesas dos concellos da provincia o que lles encantaría é que a Xunta de Galicia tomase nota do Plan único e que o aplicase, se o aplicase mellor lles iría a todos os concellos, que saberían o que van recibir e con que criterios.

Daquela, eu, desde logo, o que si que non me vou meter xa nas cuestións do tempo dedicado. Eu non sei o tempo que outras persoas que están aquí lle dedican a traballar para a Deputación, non é a miña cuestión nin o meu traballo fiscalizar iso, pero sei as horas que lle dedico eu e que lle dedica o equipo de Goberno para facer plans e para facer un traballo dun cambio de modelo, para facer política de verdade, da preocupada para que cheguen os recursos aos concellos, para que estes poidan actuar con autonomía, para facelo dun xeito áxil, transparente, baseado na obxectividade.

Temos aínda moitos proxectos, temos aínda moito que desenvolver, temos aínda cuestións en que queremos que participe o conxunto da Corporación, mais, por favor, con política de alturas, con política da grande. Non podemos deixar de evidenciar, Sr. Hernández por algunhas das súas declaracións, que hai política da que mira para o conxunto das veciñas e dos veciños das entidades e dos concellos, e ás veces hai comentarios que o único que procuran con descualificacións falsas é facer ruído, invisibilizar o labor dun Goberno que, desde logo, o que vai facer é continuar a mellorar, da man do persoal desta casa, a quen tanto temos que agradecer, dese funcionariado movido por ese bo facer co que continuamos a camiñar con aínda moitos obxectivos por diante, a pesar de que a algunhas persoas parece que lles molesta moitísimo que estean mudando tantas cousas en tan pouco tempo, quizais iso sexa o que lles molesta a algunhas persoas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Grazas, Sr. Presidente. A verdade é que o que vou facer eu si que é un rogo, creo que o que fixo a Sra. Vicepresidenta e voceira do BNG non foi un rogo, pero en todo caso non son eu quen ten que dirixir este Pleno. Si que solicitaría, nun rogo, que o presidente fora capaz de que os rogos foran rogos, as mocións, mocións, e os debates estiveran ordenados. Polo tanto, rogo ao Presidente que ordene correctamente o debate, coa máxima humildade, moitas grazas.

Sr. Presidente

Tomada nota, entendo que en calquera caso, cadaquén é perfectamente consciente, ten a experiencia suficiente institucional, experiencia nos Plenos en cada un dos seus concellos, para tamén saber distinguir o que é un rogo do que é unha moción, do que é unha declaración institucional, perfectamente. En calquera caso todos temos esa posibilidade cada un de nós.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.